

Concello de A Cañiza

RESOLUCION DA ALCALDIA

Entre os obxectivos desta Alcaldía se atopa o de fomentar a actividade cultural e deportiva, promovendo todas aquelas accións que leven consigo a mellora da calidade de vida e o impulso da cultura e o deporte.

Por esto, e dado a importante labor que realizan as asociacións Culturais e deportivas deste Concello na promoción e difusión cultural e turística, así como o fomento da actividade deportiva entre os veciños, sendo un claro exemplo de convivencia social e, baseándonos na *Ordenanza Reguladora da Concesión de subvencións destinadas ao fomento de actividades culturais e deportivas promovidas por persoas físicas e xurídicas do Concello da Cañiza*.

Vistas as facultades a min atribuídas en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Se inicie o correspondente expediente co fin de outorgar ás persoas físicas e xurídicas do Concello que así o soliciten, subvencións destinadas ao fomento de actividades culturais e deportivas e se incorporen informes de Secretaría e Intervención, dispoñendo así mesmo que se proceda a realizar a oportuna retención de crédito.

SEGUNDO: Informar ás persoas físicas e xurídicas beneficiarias desta subvención municipal, que, ademáis dos requisitos establecidos na *Ordenanza Reguladora da Concesión de subvencións destinadas ao fomento de actividades culturais e deportivas promovidas por persoas físicas e xurídicas do Concello da Cañiza*, deberán cumprir os seguintes:

- Imaxe municipal: As persoas físicas e xurídicas que perciban esta subvención, comprométense a levar na denominación e equipaxe de todos os seus equipos o nome da localidade de "A Cañiza"



Concello de A Cañiza

- Por outro lado, a imaxe corporativa do Concello da Cañiza e a marca-logo do Concello, aparecerán en todo o material publicitario, cartelería e demais material de difusión xerado. No caso de clubs deportivos, tamén aparecerá esta imaxe na parte dianteira das camisetas.

Todo o relacionado con este apartado, deberá ser validado polo Concello da Cañiza

- No momento xustificación da axuda no prazo establecido no artigo 8 da correspondente Ordenanza Municipal, e, en todo caso antes do día 30 de novembro do corrente exercicio, deberán xustificar documentalmente o establecido nos puntos anteiores: copia da cartelería xerada, fotografías, etc.

*Documento asinado electrónicamente por **LUIS A. GÓMEZ PIÑA, Alcalde do Concello de A Cañiza**, dando fe da sinatura do mesmo, **INES MONTERO ARES, Secretaria Xeral do Concello**, na data que figura na marxe do documento.*

